



# BOP

SÁBADO, 7 DE MAYO DE 2016

Nº 105

## DIPUTACIÓN DE LUGO

[boletin@deputacionlugo.org](mailto:boletin@deputacionlugo.org)  
[www.deputacionlugo.org](http://www.deputacionlugo.org)

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

### XUNTA DE GALICIA

#### XEFACTURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA DE LUGO SERVIZO DE EMPREGO E ECONOMÍA SOCIAL

##### *Anuncio*

#### CONVENIOS COLECTIVOS

Visto o acordo sobre modificación de varios artigos do Convenio Colectivo da empresa VEICAR, S.L.-Parques de Bombeiros Comarcais da Provincia de Lugo (Código número 27100061012014), asinado o día 30 de marzo de 2016, pola representación patronal e polos representantes dos traballadores, como membros da comisión negociadora e de conformidade co disposto no artigo 90 apartados 2 e 3 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos e acordos colectivos de traballo ACORDO.

PRIMEIRO: Ordenar a inscrición do citado acordo no rexistro de convenios desta xefatura territorial, así como o seu depósito.

SEGUNDO: Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Lugo, 26 de abril de 2016.- A xefa territorial, Pilar Fernández López

Dunha parte, Veicar, S.L. con C.I.F. B-15134182, e actuando no seu nome, CARLOS PRIETO-PUGA GONZÁLEZ, en calidade de CONSELLEIRO DELEGADO.

Da outra parte, O Comité de Empresa de Veicar S.L. na provincia de Lugo, PABLO MÉNDEZ MARTÍNEZ (Presidente), DIEGO PÉREZ PICHÍN (Secretario), MIGUEL VARELA ÁLVAREZ, FRANCISCO MANUEL RODRÍGUEZ PENA, MARIANO LÓPEZ NÚÑEZ.

**ACORDAN AS SIGUIENTES MODIFICACIONES SOBRE O CONVENIO COLECTIVO PUBLICADO NO BOP DE LUGO O 16 DE XANEIRO DE 2014.**

#### **Artigo 7.- MOBILIDADE XEOGRÁFICA, FUNCIONAL E ENTRE PARQUES DO TRABALLADOR.**

As partes asinantes deste convenio coinciden na necesidade de que a mobilidade do persoal garanta un servizo cunha distribución racional. Para elo establécense os seguintes tipos de mobilidade:

##### 7.1 MOBILIDADE FUNCIONAL

Os traballadores das escalas de cabo-condutor e bombeiro-condutor poderán, cando a empresa así o requira por necesidades do servizo, realizar función de calquera de ambos postos.

Para o caso dos bombeiros que realicen funcións de cabo establécense una compensación que iguale as retribucións da categoría de cabo durante o tempo que realicen ditas función.

Aqueles cabos-condutores que realicen labores de bombeiro non verán reducidas as retribucións correspondentes á súa categoría.

A mobilidade funcional entre as categorías de cabo e bombeiro será en todo caso sempre dentro do horario establecido por cuadrante do traballador movilizado (salvo para o recollido no apartado de "DISTRIBUCION IRREGULAR DA XORNADA").

##### 7.3 MOBILIDADE ENTRE PARQUES

Con independencia do establecido polo E.T. no art.40, non terá consideración de mobilidade xeográfica o feito de que a empresa asigne a un traballador, de forma puntual e non continuada, a realización da súa garda

(ou parte desta) nun centro diferente ó propio, para cubrir a ausencia doutro empregado ou calquera outro menester que estime a Dirección, sempre que esté relacionado co servizo.

Para que se produza esta mobilidade entre parques teñen que darse as seguintes premisas:

1. Que o traballador estea prestando servizos na súa quenda de traballo fixada no calendario laboral.

2. A empresa aplicará criterios racionais para decidir entre os traballadores a mobilizar, antes de que se produza reincidencia na mobilidade do traballador, sempre que sexa posible e/ou salvo que exista voluntariedade por parte dalgún empregado.

3. A empresa conta con total liberdade organizativa e poderá dotar ao traballador dun medio de transporte ou compensarlle economicamente os gastos de desprazamento, en función á quilometraxe (0,19 euros/qm), se ben plantexará ao Consorcio como primeira opción, o emprego de vehículos de transporte de persoal propios do servizo.

4. O comezo e fin da xornada do traballador mobilizado será no seu centro de traballo habitual, compensando economicamente ao traballador as horas extraordinarias realizadas a maiores.

En calquera caso este tipo de mobilidade non poderá supoñer a ausencia do persoal mínimo por garda (3 efectivos) en ningún dos parques de bombeiros involucrados, sendo os cambios de garda executados da maneira que indica o procedemento.

7.4.- Táboa de referencia de tempos e quilómetros de desprazamentos entre parques (segundo Google Maps) – (Pendente de redondeo por parte da Dirección):

DENDE \ ATA	BARREIROS 43.539109, -7.251080	VILALBA 43.308538, -7.660721	VIVEIRO 43.676667, -7.592380
BARREIROS 43.539109, -7.251080		40 min 50 km	45 min 41 km
VILALBA 43.308538, -7.660721	40 min 50 km		50 min 59 km
VIVEIRO 43.676667, -7.592380	40 min 41 km	50 min 58 km	

## Artigo 9.- HORARIOS, XORNADA E PACTO DE DISTRIBUCION IRREGULAR DA XORNADA.

### 9.1 HORARIOS

O horario para o Coordinador de Servizo será de acordo coa oferta presentada.

O horario para os sarxentos será de 08:00 a 15:00 horas de luns a venres laborables. As horas restantes serán para dispoñibilidade do servizo.

O horario para Cabos e Bombeiros será en tódolos casos pechado e (salvo o persoal que non teña xornada completa) de 1800 horas ao ano. A prestación do servizo será por quendas presenciais de 24 horas conforme ao Anexo I (Cuadrante Anual), con inicio e fin as 09:00 horas, salvo as excepcións referidas no Pacto de Distribución Irregular da Xornada.

O horario para o persoal de limpeza será en horario de mañá preferentemente.

### 9.2 PACTO DE DISTRIBUCIÓN IRREGULAR DA XORNADA (D.I.X.)

O Estatuto dos Traballadores establece que "Mediante convenio colectivo ou no seu defecto, por acordo entre a empresa e os representantes dos traballadores, poderase establecer a distribución irregular da xornada ao longo do ano".

En virtude dese acordo, Empresa e Comité acordan interpretar como Distribución Irregular da Xornada o que aquí se recolle:

1. XORNADAS DE LIBRE DISPOSICIÓN PARA A EMPRESA. Avisando cunha antelación mínima de 5 días ós traballadores afectados, a empresa poderá modificar o cuadrante anual de cada un deles, ata en 3 ocasións ao ano. Os cambios consistirán na posibilidade de que a empresa poida modificar a data de realización de 3 xornadas de 24 horas (non fraccionables) para cubrir ausencias, reforzar servizos ou o que a dirección considere necesario sempre que estea relacionado coas consignas do posto.

Do referido anteriormente, cabe citar que os traballadores con contratos de tempo parcial, (aproximadamente 1/3 de xornada), quedarán afectados unicamente por unha xornada en lugar de 3.

A notificación do preaviso farase cunha antelación mínima de 5 días tanto con respecto da xornada inicialmente prevista no cadrante como da nova xornada asignada.

A hora de comezo e fin destas xornadas será sempre as 09.00 horas, salvo excepcións xustificadas e consensuadas.

2. **FORMACIÓN.** Avisando cunha antelación mínima de 5 días ós traballadores afectados, a empresa poderá modificar o cuadrante anual de cada traballador das escalas de bombeiros (a tempo completo e parcial) e cabos, engadindo a cada un deles 3 quendas de 8 horas, nos días e horario que determine a empresa, que se adicarán única e exclusivamente á formación.

Os Xefes de Servizo dos parques velarán e xestionarán o necesario para que non se solapen horas de quenda con horas de formación nos casos nos que poidera existir esta posibilidade.

Esta inclusión no cuadrante de 3 turnos de 8 horas non conlevará a retirada de ningunha xornada ordinaria de 24 horas, posto que ditas horas son precisas para acadar as 1800 horas anuais (ou parte proporcional ao persoal de tempo parcial).

3. **XORNADAS A DISPOSICIÓN DO CONSORCIO.** En virtude do pacto que mantén VEICAR co Consorcio, en referencia á dispoñibilidade horaria do persoal, a empresa poderá modificar o cuadrante dos cabos e bombeiros, retirando do seu cuadrante inicial una xornada de 24 horas e requiríndoos para realizar 2 xornadas de 12 horas (non fraccionables), nos días e horario que determine a empresa.

No caso dos empregados de tempo parcial, a empresa poderá requirilos sen retirar ningunha xornada do seu cuadrante, para a realización de 1 xornada de 12 horas que se empregarán para o referido neste apartado.

Estas horas, sempre que sexan para atender emerxencias en resposta a un chamamento repentino que realice o consorcio, non requirirán dun prazo mínimo de notificación, debendo presentarse o traballador no seu posto á maior brevidade posible dende a comunicación, salvo causa xustificada. O traballador notificará a empresa un número de teléfono a fin de que ésta poida localizalo única e exclusivamente para o caso que se reflexa neste apartado, non existindo obriga por parte do empregado a estar dispoñible.

A empresa comprométese a xestionar a convocatoria de persoal necesario, a maior brevidade posible dende o momento en que se produce o requirimento por parte do Consorcio.

Para aquelas horas que solicite o Consorcio, non asignadas a emerxencias (por exemplo: operativos, dispositivos de festas, visitas a colexios, etc.) a empresa notificará ó traballador con 5 días de antelación á súa modificación da xornada.

**INCUMPRIMENTO DO PREAVISO:** En caso de que a empresa avise ao traballador cunha antelación inferior á que se establece para cada caso de modificación da xornada, esta modificación será voluntaria para o traballador, quedando éste facultado, en caso de aceptar, para fixar o momento en que se compensará a súa libranza sempre que, tendo en conta a súa ausencia, o servizo conte con 3 efectivos no momento da solicitude.

Tódalas modificacións referidas neste apartado, notificaranse por escrito ao traballador, independentemente de que se poida preavisar telefonicamente para o caso de emerxencias, á maior brevidade posible e con anterioridade á prestación do servizo.

As modificacións terán lugar sempre dentro do ano natural.

#### **Artigo 11.- HORAS TRABALLADAS E HORAS EXTRAORDINARIAS**

Tódolos traballadores terán que realizar ata un máximo de 1.800 horas presenciais ó ano, agás para o caso dos traballadores a tempo parcial que será de 564 horas.

As horas extraordinarias que se realicen como consecuencia das actuacións de extinción de incendios, salvamento e protección civil como consecuencia da prolongación das correspondentes quendas, terán carácter de obrigatorias. O resto terá carácter voluntario, salvo os casos de forza maior debidamente acreditada (retraso do relevo entrante).

As horas extraordinarias compensaranse economicamente ou en tempo de descanso a criterio da empresa. No caso de aplicarse unha compensación económica farase en función ao valor da hora ordinaria (unha por unha). Se a empresa optase por una compensación en tempo, o traballador escollerá a xornada na que desfrutará dita compensación, sempre que manteña o plantel mínimo de cada quenda, a razón de hora e media por cada hora extraordinaria realizada.

A compensación realizarase sempre dentro do ano natural (salvo pacto en contrario entre empresa e traballador), debendo en todo caso o empregado manifestar a data e horario de libranza, nun prazo non superior a 6 meses dende a realización das horas extraordinarias.

#### **ACLARACIÓNS**

Para a distribución das xornadas no cadrante teranse en conta as vacacións solicitadas por cada traballador coas seguintes premisas:

Cada traballador terá dereito a dous bloques de 15 días naturais ou un bloque de 30 días naturais, estes serán distribuídos da maneira que indica a lexislación vixente. Os empregados notificarán as súas preferencias vacacionais aos Xefes de Parque máis tardar o día 15 de novembro do ano anterior ao seu disfrute.

Non poderán coincidir dous ou máis cabos en período vacacional.

Non poderán coincidir tres ou máis bombeiros de xornada completa en período vacacional.

Non poderán coincidir dous ou máis bombeiros a tempo parcial en período vacacional.

Unha vez reflexados os períodos vacacionais sobre o cadrante, procederase a establecer as xornadas de traballo de cada empregado a razón das seguintes recomendacións:

As gardas iranse asignando ao traballador que máis tempo leve sen estar de servizo, ata completar catro ou tres postos por día segundo corresponda. A empresa determinará qué parques comezarán os seus cadrantes con garda reforzada e qué parques sen ela, de xeito que se poidan complementar os parques para garantir un reparto efectivo de gardas reforzadas.

Cando a garda dun traballador coincida o día previo ó comezo do seu período vacacional, ésta non será realizada, pasando o seguinte empregado que lle siga na quenda. Deste xeito, evítase o conflito de coincidir unha garda coas horas iniciais do período vacacional.

Unha vez cumprimentado todo o cuadrante anual, farase o cómputo das xornadas correspondentes a cada traballador e o correspondente reaxuste que puidera resultar preciso.

O aquí recollido forma un todo, que entrará en vigor o día 1 de abril de 2016 e atoparase en período de probas ata o día 31 de decembro de 2017. Dito período de probas ten por obxecto permitir á empresa valorar a idoneidade da totalidade do acordo. A duración do período de probas quedará supeditada a que non se acade, a partires do día 30 de abril de 2017, un novo convenio colectivo entre as partes.

Rematado o período de probas, e manténdose vixente o actual convenio colectivo por non existir outro que o substitúa, o aquí recollido integrárase de xeito definitivo en dito convenio a partires do día 1 de febreiro de 2018, sempre que a empresa non manifeste con anterioridade a súa disconformidade.

No caso de que a empresa non estea conforme co aquí recollido, unha vez rematado o período de probas, terá que notificalo ao comité de empresa antes do día 1 de febreiro de 2018 e con dita comunicación darase por rematado o presente acordo, pasando novamente a rexirse polas condicións de traballo recollidas inicialmente no convenio colectivo.

Corresponde á empresa rexistrar este acordo no REGCON (Rexistro e depósito de convenios de acordos colectivos de traballo).

Bergondo (A Coruña), a 30 de marzo de 2016

R. 1270

*Anuncio*

## CONVENIOS COLECTIVOS

[www.cigservizos.org](http://www.cigservizos.org)

Visto o acordo sobre días non laborais derivado do Convenio Colectivo de Ebanistería da Provincia de Lugo (Código número 27000245011982), asinado o día 7 de abril de 2016, pola representación patronal e das centrais sindicais U.G.T. (38,10%), CC.OO. (33,33%) e C.I.G. (4,76%), como membros da comisión negociadora e de conformidade co disposto no artigo 90 apartados 2 e 3 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos e acordos colectivos de traballo ACORDO.

PRIMEIRO: Ordenar a inscrición do citado acordo no rexistro de convenios desta xefatura territorial, así como o seu depósito.

SEGUNDO: Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Lugo, 26 de abril de 2016.- A xefa territorial, Pilar Fernández López

## ACTA DE ACUERDO

### CONVENIO COLECTIVO DE EBANISTERÍA DA PROVINCIA DE LUGO

#### ASISTENTES

Pola Asociación Provincial de

Empresarios de Ebanistería de Lugo

ANGEL HERMIDA LAGE (DNI 76565839N)

JULIO MOURE LÓPEZ (DNI 34241814N)

GONZALO EXPÓSITO CHOREN (DNI 34254816L)